

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ , de na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS A ELABORAR UN PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O RISCO DE INUNDACIONES EN MONFORTE

ANTECEDENTES

O pasado mes de decembro de 2024, este grupo político presentou para o seu debate unha proposta de acordo que decía:

“ Na DANA de Valencia, asistimos a un fenómeno climático adverso que en apenas unhas horas arrasou infraestruturas vitais e fixo retroceder a varias poboacións un século no tempo.

A nosa cidade non é allea a episodios de inundacións ocasionadas polo desbordamento do río Cabe, normalmente consecuencia de episodios de altas precipitacións que provocan o desbordamento do cauce e doutras correntes de auga. O acontecido en Valencia fainos reflexionar sobre a necesidade previsora de elaborar un plan de actuación ante episodios climáticos extraordinarios.

De entre tódalas variables climáticas e hidrolóxicas, a pluviometría e a escorrenta son as máis influíntes no réxime de caudais que interveñen nos procesos de inundación de unha cunca.

A cunca do Cabe, caracterízase por precipitacións de mediana intensidade e persistencia no tempo, o que conleva unha saturación do solo e posterior escorrenta.

O incremento de fenómenos do tipo cicloxénesis explosiva, con choiva e ventos moi fortes e de formación moi rápida, así como precipitacións de gran intensidade e pequena duración, provocan que o solo non teña tempo de saturarse e se produza escorrenta de tipo torrencial.

Si a isto engadimos deficiencias na rede de saneamento e falta de limpeza de cunetas e desaugues, podemos sufrir inundacións en calquera punto do noso territorio.

Segundo CHMS, a área hidrolóxica de Monforte é a segunda con máis tramos de río, algo máis de 60 quilómetros, en zona de risco de inundacións na cunca do Miño-Sil.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, mediante RESOLUCIÓN do 18 de outubro de 2024 publicou o Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia (Inungal).

En dita resolución recóllese que o concello de Monforte de Lemos ten risco potencial significativo de inundación. Segundo dito plan, aínda que o concello clasifícase de risco baixo, con perigosidade media-baixa e risco medio-baixo, recoméndase a redacción do correspondente plan de actuación municipal ante inundacións.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular considera que se debe ser previsor fronte aos riscos derivados de fenómenos adversos e eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- *Que a Xunta de Goberno Local proceda a elaborar un Plan de Actuación Municipal ante o risco de inundacións:*
 - *Que zonifique o territorio do concello e os elementos vulnerables en función do risco potencial de inundacións*
 - *Que especifique os procedementos de información e alerta aos monfortinos.*
 - *Que estableza a estrutura e os procedementos de intervención ante unha emerxencia e defina os medios e recursos específicos para mobilizar en caso de unha emerxencia.”*

Votouse en contra, alegando que o plan de emerxencias existente era suficiente.

Sen embargo, as constantes borrascas que nos asolan nas últimas semanas, dando lugar a numerosos incidentes na nosa cidade, danos a razón de que

urxe un plan específico de prevención, alerta a os cidadáns, solución de incidencias de maneira inmediata e clara e fixación de continxencias máis probables.

Por todo o exposto, volvemos a presentar a seguinte proposta de acordo para o seu debate e aprobación:

“ • Que a Xunta de Goberno Local proceda a elaborar un Plan de Actuación Municipal ante o risco de inundacións:

- Que zonifique o territorio do concello e os elementos vulnerables en función do risco potencial de inundacións

- Que especifique os procedementos de información e alerta aos monfortinos.

- Que estableza a estrutura e os procedementos de intervención ante unha emerxencia e defina os medios e recursos específicos para mobilizar en caso de unha emerxencia.”